

# BILLARDA

CEIP de Monforte ( Colexio Novo )

Maio 2016



MANUEL MARIA FERNÁNDEZ TEIXEIRO. LETRAS GALEGAS 2016

# LIMIAR


*A Revista Escolar "A Billarda"* nace co galo de difundir inquiredanzas e vivencias, reflexadas nos traballos de cada día. Todo elo grazas ao esforzo e colaboración da comunidade educativa.

*Un ano mais continúa a súa andaina en formato dixital. Toca facer balance: analizar, valorar e ...Deixar na Billarda, algunha das nosas pegadas.*


*Estamos seguros/as de que o próximo curso, a nosa revista continuará a súa andaina camiñando da man dos novos tempos.*

Equipo de  
Normalización  
Lingüística

Edita: CEIP de Monfor-



# LETRAS GALEGAS



Manuel María Fernández Teixeiro  
Nace en Outeiro de Rei (Lugo) o  
6 de outubro de 1929, nunha fa-  
milia de labregos.

Comenza a escola en Outeiro de  
Rei e logo trasládase a Lugo para  
facer bacharelato.

Con 19 anos inparte a primeira  
conferencia no Círculo das Artes  
de Lugo.


En 1950 escribe o seu primeiro li-  
bro de poemas Muiñeiro de bré-  
temas, o cal marca a aparición da  
Escola de Tebra.

En Santiago forma a editorial  
Xistral xunto con Ánxel  
Xohán.


En 1953 escribe a primeira re-  
dacción de Terra Chá e outros  
libros.

En 1956 coñece a Saleta Goi,  
coa que casa tres anos máis  
tarde. Instálanse en Monforte  
de Lemos, onde exerce como  
procurador ata a súa xubila-  
ción.


Intensifica a súa creación co-  
mo poeta, narrador e dramatu-  
go, publicando libros como  
Documentos personaes (1958)  
e Mar Menor (1963). Crea a  
colección de poesía Val de le-  
mos.



Comprometido coa fala, co pobo e con numerosas causas xustas, percorre o país cunha voz cada ves máis combativa. Desta época son Versos para un país de minifundios, Versos para cantar nas feiras e romaxes, Remol e Cantigas de Lusco e fusco.



Publicou varios libros de literatura infantil como Os soños na gaiola. Escribiu obras de teatro como Barriga Verde, A farsa de Bululú, Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela, e obras narrativas como Cando o mar foi polo río, Unha sombra vai polo camino e como desapareceu Atlántida e apareceron os lagartos.



Escribiu ensaios sobre Bouza Brey e Celso Emilio Ferreiro entre outros.


No teatro Capitol en Santiago presenta a Nova Canción Galega en 1968.



En 1970, xunto coa súa dona, inaugura en Monforte a Librería Xistral.

Participa en actividades da Asociación Socio-Pedagóxica Galega (ASPG) e da Asociación de Escritores en Língua Galega, que o nomea socio de honra en 1997.



Colaborou co colectivo Burla Negra e coa Plataforma Nunca Máis. Con 73 anos entra como académico numerario na Real Academia Galega.

Falece o día 8 de setembro de 2004 na Coruña e é trasladado a Outeiro de Rei.






CARTEIS




MANUEL MARÍA






OS RUCNOC

S A Q E H A G S A R H E H







Manuel María naceu en Outeiro de Rei (Lugo), o día 26 de outubro de 1929 e morreu na Coruña o día 8 de setembro de 2004.  
 Comezou a escriba en Outeiro de Rei, despois preparouse en Rabade o curso ao instituto.  
 Escribiu Mincios de Galicia, As sonas na gaiola, A Rosalía... e moitas obras máis.  
 17 de maio de 2016  
**DI A DAS LETRAS GALEGAS**  
 Fidalgo Vázquez

R  
E  
C  
O  
R  
D  
A  
N  
D  
O  
A

A  
I  
R  
A  
M  
L  
E  
C  
I  
Z  
A  
M




Galicia, docemente  
 está ollando o mar!  
 Ten valas e montañas  
 e terras para labrao!  
 Ten portos, marinheiros,  
 cidades e labregos  
 cargados de traballo  
 cargados de traxego!  
 Galicia é unha nai  
 vellina, soñadora  
 na voz de gata ríe  
 na voz de gata chora!  
 Galicia é o que vemos:  
 a terra o mar o vento...  
 Pero hai outra Galicia  
 que vai no sentimento!  
 Galicia somos nós,  
 a senta máis a fala  
 Se buscas a Galicia  
 en ti tes que atopala!  
 Os soños na gaiola. Galicia a gaiola  
 Paula  
 Manuel María

Xosé López Díaz



S E X A S N E M

N A P E D




OS NENOS DE 2º CELEBRARON O DÍA DA PAZ.

BI LLARDA

SAMAIN






Era unha manada de elefantes: novos, vellos, altos, gordos, delgados,... todos diferentes mais todos felices e todos da mesma cor. Todos, agás, Elmer.



Elmer era diferente, era de retallos: amarelo, laranxa, vermello, rosa, lila, azul, verde, negro e branco. Elmer non era da cor do elefante.




## ELMER







Era Elmer quen facía felices ós elefantes. Facíalles brincadeiras ós outros elefantes, ás veces facíanllas a el. Mais se había un sorriso, anque fose pequeniño, sempre era Elmer quen o causaba.




Unha noite Elmer non podía durmir, pensaba que estaba farto de ser tan diferente "¿Quen escoitou falar algunha vez dun elefante de retallos?". "Non me estraña que se burlen de min" Pola mañá, Elmer fuxiu sen que ninguén se decatase.







"ELMER", dixeron. "Ten que ser Elmer", Despois os outros elefantes riron tamén como nunca riran.




Na mestres estaban a rir empezou a chover e cando a chuvia caeu por riba de Elmer empezaron a aparecer os seus retallos outra vez. Os elefantes non paraban de rir mentres que Elmer volvía a ser coma sempre. "Debemos celebrar este día cada ano". "Será o día de Elmer" Tódolos elefantes se pintarán e Elmer pintarase da cor do elefante".



E isto é exactamente o que fan os elefantes. Un día ó ano, píntanse e desfilan. Se un deses días consegues ver un elefante da cor do elefante saberás que ese é Elmer.

ALUMNOS DE 1º B















ALUMNOS  
 DE 1º  
 A

SOGIMA  
 SERRH  
 SO

## O GOLFINO E A BALEA

Érase unha balea e un golfinó, eran moi amigos pero sempre andaban pelexando e non sabían que facer ata que un día a balea decidiu marchar e o golfinó, sentiuse só, así que decidiu ir a buscala. O golfinó decidiu ir aos sitios que máis lle gustaban a balea e aos que solían ir xuntos, pero a balea non aparecía, entón o golfinó foi aos sitios que máis odiaba a balea e tamén foi aos sitios que a el menos lle gustaban. Estivo día e noite buscando pero non a atopou. Cando o golfinó volveu a casa atopou a balea na súa




habitación, entón díxolle: Onde fuches? Busqueite por todas partes e non estabas. A balea díxolle: Fun dar un paseo e cando volví non estabas e decidín ir a buscarte, vinén a habitación para coller unha lanterna e un abrigo.  
4º B- NOA MARTÍNEZ E CARLA RODRÍGUEZ

## POEMA AO MEU AVÓ

O meu avó sempre atento  
el sempre foi médico.  
O meu avó é mecánico  
e sempre me dá un agasallo.  
O meu avó vive conmigo  
é máis que un amigo!  
A miña avó é cocineira  
e sempre está de festa.  
O meu avó é moi pillo  
igual que o seu fillo.

Hugo - Pablo - Dani - Germán - Iván -  
Carla, 4º.

ANUNCIOS  
DE  
4º B

 unicornio

Fai moito, moito tempo nunha galaxia lexana vivían moitos unicornios animais fantásticos e árbores que andaban e cantaban.


Unha vez uns aliens dun mundo cercano empezáronos a atacar e todos os habitantes empezaron a berrar moi asustados.

Pero un unicornio deseñou unha máquina e foi á Terra onde encontrou moitos animais e empezou a saudalos a todos e foron os seus amigos.

O unicornio contento contou o que lle pasara no seu planeta e os animais axudárono a salvar o seu planeta. Foron todos ao planeta do unicornio

e loitaron contra os aliens.


Ao final venceron aos aliens porque colaboraron todos xuntos.





Am Costa Daga 2ªA

4ªA En Primavera

Era o 7 de maio de 2016, sucedeu que as menos 4ªA estaban andando polo monte e perdéronse. Ia a cunha com pléta: Iván, Xermain, Irene, Claudio, Ana, Arca, Celia, Sandra, Antía e Desi.








Andaban buscando o campo onde os animais aprenden a falar. Encontraron un lobo e todos empezaron a correr, ese lobo quería facerse amigo deles.



- Esperade, esperade! dixo o lobo.
- Un lobo que fala! - dixo Iván.
- Imos parar - dixo Xermain.
- Grazas por parar - dixo o lobo.
- Queremos ir ao campo onde os animais aprenden a falar - Irene.
- Eu sei por onde podemos ir - dixo o lobo.
- Pois entón imos - dixo Gabi toda ilusionada.

Os menos e o lobo pasaron: por pontes, lagos, ferveiras por pradas cheas de flores e por un bosque. E por fin gaxaron o campo onde os animais aprenden a falar.

Alí había todo tipo de animais.

- Imos xogar - dixo Sandra.
- Xogaron a todos os xogos: o' escondite, o' pilla pilla, a polis e cacas, o' baloncesto...
- A lebre Xosefa contoulle unha historia a todas as menos de 4ªA sobre un elfante que se perdeu e atopou un volcán, tirou unha moeda e pediu un desexo: volver a súa casa. De súpeto apareceu un arco da vella e levouno de volta á casa.

Todas as menos quedaron abraiadas coa historia que lles contou a lebre. Logo de falar con moitos animais e escoitar as súas historias xa estaba facendo tarde e tocaba volver ás súas casas.

Os menos ó chegar ás súas casas contáronlles á seu pai moi emocionados todo o que pasara.

**FIN** Iván Blanco Fernández 4ªA

# 4ª A en primavera.

Fai moito tempo, na primavera, 4ª A organizou unha festa nun prado moi, moi grande ao lado dun pobo cuxo nome é moi raro de pronunciar. Tiñan por diante outra aventura. Erans: Germán, Irene, Iván, Gabi, Ana, Claudio, Sandra, Area, Antía, Celia e Desi.

-Esta festa vai ser xenial!!-dixo Gabi

Cando chegaron ao prado déronse conta de que pasaba algo moi raro:

-Oh, aquí non hai flores!-dixo Desi sorprendida.

-É verdade, onde se viu unha primavera sen flores?-dixo Celia

-Ei rapaces! Mirade!-exclamou Area.-No chan hai pedriñas brancas!

-Parecen d'aaaa... Plaff!-Antes de que Antía puidese rematar a palabra, desapareceu, e uns segundos despois, os demais foron desaparecendo un a un.

-Oh, onde estamos? -preguntou Ana.

O sitio onde estaban era unha sala baleira, pechada, e cunha flor moi, moi, moi, moi, moi grande con sete pétalos, cada un dunha cor do arco da vella moi, moi, moi, moi, moi, grandes.



-Que flor tan bonita!-dixo Iván. Logo acercouse a ela e tocou o pétalo laranxa, e uns segundos despois a sala fíxose máis pequena.

-Iván!!! -Berrou Claudio.

-Síntoo, non era a miña intención-dix Iván

-Xa... pero Iván tocou o pétalo laranxa... so pensativamente Irene.-E esa flor ten as sete cores do arco da vella... É non era o vermello a primeira cor?

É verdade, pero como ímos chegar á cor vermella? -preguntou Ger Espera... -dixo Area.-Eu teño por aquí unha pedriña que me da

Entón Area quitou o zapato e colleu unha pedriña branca pequeniña e, cando puxo o zapato a se levantou, acercouse a flor e tiroulle a pedra ao pétalo rosa e despois sonou un "Piiiiiiiiiiiiiiiiiiiiii!" como os dos rages cando accorru unha pregunta.

Logo foron collendo a pedriña un a un, despois de que caera e do Claudio a tirou cara o pétalo violeta foron desaparecendo un a un.

Cando reapareceron estaban no prado onde ían facer festa e decatáronse de que xa había flores. Pero déronse conta de que as árbores non tiñan follas.


Antes non había flores, e agora non hai follas nas árbores - Sandra

E agora nelas hai pedriñas brancas, como nas flores... Plaff!-Antes de que puidese rematar a palabra pasoulle como a Antía e desapareceu isto antes de que os demais foran desaparecendo un a un.



Na sala onde apareceron había unha folla tan grande como a flor pero de ningunha cor, e debaixo dela estaban os sete cores do arco da vella mais o verde escuro, o rosa, o gris, o marón e o negro.

-Seguramente esta prata é para que as árbores volvan a ter follas-dixo Sandra-vou probar no azul, a ver que pasa.



Sandra acercouse á parede e tocou a cor azul clara, e despois, unha frecha saíu da parede rozando o pelo de Germán.

-Sandra!!! -Berrou Germán-Pola túa culpa ca frecha por pouco me rompe a cabeza!!!

A ver, de que cor son as follas? Verdull!!!

Despois Germán acercouse á parede e tocou os dous verdes e despois saíu o "Piiiiiiiiiiiiiiiiiiiiii!" da outra praba. Entón desapareceron un a un ata que todos estiveron no prado pedindo as chaquetitas polo frío que facía.

-Que fría-dixo Antía refregando as mans polo frío. Antes de aparecer sen sala tan branca facía bastante calor!!

-Mirade, hai pedriñas brancas no ceo... Plaff!-Desi, como Gabi e Antía, desapareceu nun abrir e pechar de ollos, antes de que os demais foran desaparecendo un a un.

-Mirade rapaces, outra sala! -exclamou Irene.-Esta debe de ser para que volva facer calor. A ver se acertamos, porque esta chaquetita quedame moi pequena!

Na sala onde estaban había un debaixo onde estaba chovendo, outro onde estaba nevando, outro onde estaba neblado, outro no que había tormenta e outro onde a súa estaba solto a unha nube.




Eu creo que é a nube que tapa o sol porque é a única que ten sol-dixo Celia e tocou a debaixo que elino.

Entón, despois o teito fose para abaixo e a chaqueta parou arriba, co que o teito case lles tomou as cabezas.

-Un momento-dixo pensativa Ana.-En primavera calor, non chove, non nevamos, non hai tormenta, non fai.



Entón Area deu a volta e descubriu que había un muro dun sol grande e, acercouse e tocou, antes de que saíra un "Piiiiiiiiiiiiiiiiiiiiii!" da outra praba. Entón foron desaparecendo un a un.



Cando reapareceron, volvían estar no prado e facía moita máis calor e cando Ana ía ao banco para pousar a chaqueta caeu nunha especie de burato negro, cando nun momento dixo no que había 12 pedras, cunha unha co nome de cada mes.

-Seguramente hai que pisar o bloque de día e mes que empezan a Primavera-dixo Irene

3	2	29	15	17	20
8	5	16	27	19	26
24	28	9	7	22	28
6	30	25	10	12	13
7	14	17	4	22	23
Agosto	Outubro	Decembro			
Xullo	Setembro	Novembro			
Febreiro	Abril	Xuño			
Xaneiro	Marzo	Maió			

-Primavera empieza en marzo-dixo Claudio -Pero o día non me acorda.


Entón foi e pisou onde parecía "Marzo" e os demais meses borráronse

-Ben! Anar!! -Celebrau Claudio

-Eu sei o día-dixo Celia -É o 21.

Entón Celia, collendo carteira logrou abrir no 21 e, logo, o chan converteuse nunha cadeira e a unha parede saíulle unha cerradura e Area colleu a chave, abriu a parede

saíron ao exterior onde estiveron moitas horas segando e divertíronse moito.



AREA 4ª A



# 4ª de excursión a Portaventura

Había unha vez os nenos e as nenas de 4ª:

Germán, un neno moi alto e rubio; Irene, unha nena alta de pelo castaño; Iván, de estatura normal e de pelo castaño; Gabriel, un pouco baixo, de pelo castaño e moi rizo; Ana, de estatura normal e rubia; Claudio, baixo e de pelo castaño; Sandra, de estatura normal e de pelo castaño; Anea tamén un pouco baixa de pelo castaño; Antía, un pouco alta e de pelo medio rubio; Celtia, a xemalga de Antía do pelo castaño e un pouco alta; Desi, unha nena alta e co pelo moi largo e Adrián un pouco alto e co pelo negro. Todos eles do colexio C.F. IP Monforte (Lugo) foron de excursión a Portaventura 3 días.

Todo empezou un xoves na clase de montañs facía un día soleado. De repente, entrou o conserxe, Alejandro, na clase e entregoulle uns papeis á profesora. A profesora repartiunos, e cando remataron todos os nenos berraron á vez:

**Excursión Portaventura**


- Irnos de excursión a Portaventura!

Estaban todos moi emocionados, ían pasar tres días en Portaventura.

## Excursión Portaventura

Estimadas familias: Os alumnos/as de 4ª farán unha excursión a Portaventura (Turis) desde o 26 ata o 29 de abril. Sairán ás 6:00 o 25 e volverán o 29 ás 14:00. Grazas.

Os 25 todos nenos e nenas de 4ª estaban na porta do colexio ansiosos por empezar a viaxe, coas súas maletas e o seu diñeiro que levaban nas carteiras para pagar a entrada ao parque e o hotel. Subiron todos ao autobús e comezaron a viaxe. Despois de 12 largas horas chegaron ao parque.



Na entrada ao hotel poñía: Portaventura en letras multicolores e grandes. O hotel tiña dúas piscinas enormes, salón - xogos... e as habitacións eran grandísimas e moi modernas.

Como chegaron a 18:30 fixeron as parellas, cambiáronse de roupa e baixaron ceas.

- Parellas:**
- Germán e Claudio
  - Iván e Adrián
  - Desi e Ana
  - Sandra e Gabriela
  - Celtia e Anea
  - Irene e Antía

Despois de ceas fóronse todos ás habitacións a durmir, porque o seguinte día sería moi divertido e agotador.

Ao día seguinte ás 9:30 baixaron todos a almorzar. O almorzo era un gran buffet cheo de doces, todo tipo de bebidas...

Cando remataron todos, colleiron as cosas que deixaran na cima da mesa da habitación do hotel e colleiron o autobús ao parque.



Cando chegaron ao parque, o primeiro que fixeron foi abrir os seus mapas e ir cara a parte do oeste.



O primeiro que viron foi unha gran montaña rusa que se chamaba: O cañón do Colorado, e decidíronse montar.

A profesora, Carmén, pensou que era moi perigoso pero ao final convencérona. Fixeron a ida durante unha hora e ao final montaron nela.

Pasárono moi ben, pero saíron un pouco mareados.

Despois dirixíronse cara o Teatro dos Cabalos. Nel viron unha divertida obra que trataba sobre os forasteiros do Oeste que tardou unha hora e media.

Máis tarde, as 13:45 foron comer a un restaurante que se chamaba: O Xinete. Cando remataron de comer, Sandra diu:



- Que rica estaba a comida!

Durante o día montaron en moitas máis atraccións e viron moitos espectáculos.


As 21:45 colleiron o autobús ao hotel, cearon e deitáronse cedo porque lles esperaba outro gran día.



Ao seguinte día despertaron á mesma hora, almorzaron e colleiron o autobús. Cando entraron foron directamente á parte do Terror para ir ao concurso de tiro a zombis.



Todos gañaron algo, Germán, gañou unha máscara cara de Fran Kenstein; Irene, un balón firmado por Cimarrón, un actor de películas de terror moi famoso; Iván un paquete de cen cuntas de terror; Gabriela, un xogo para a consola de plantas contra zombis; Ana, dúas entradas para ver a peli de pesadillas no cine; Claudio unha de Todo sobre a Escuridade; Sandra un amuleto dunha soubra; Anea, unha camiseta de Anabel, a boneca malvada; Antía, catro entradas para o parque do terror de Madrid; Celtia, un peluche dun zombi; Desi, unha mochila con sangue de mentira e Adrián, unha goma de fantoemas.



Despois do sorteo, ás 12:30 foron comer ao restaurante Burritos sanguinolentos. Cando remataron de comer foron á parte das atraccións e pasárono moi ben, incluso un home disfrazado deu-lle un susto a Gabriela.

As 22:30 foron ao hotel, cearon e deitáronse.

Ao día seguinte levantáronse máis tarde, ás 11:45 e foron bañarse á piscina e xogar ao salón de xogos. As 13:30 comeron, recollérono todo e montaron no autobús rumbo a Monforte. Pasárono de rechupete e están pensando en repetir a viaxe para o próximo curso.



Sábado

4ª EN PRIMAVERA

O 9 de abril do 2015 había unha festa exclusiva p  
4ª A. Invitáronnos porque uns señores tiñan un lugar sen  
xente no parque de atraccións de Madrid. Os da clase  
seguíamos sendo os mesmos de sempre: Xermán, Irene, Iván,  
Gabi, Ana, Claudio, eu, Area, Antía, Celia e Desira.  
Fomos ás 6:30 da madrugada. Estabamos moi cansas.  
O autobús era de cor rosa e branco. Cando chegamos, v  
a unha señora nun burro e moitas cousas raras.

Madrid é unha cidade de 3,165 millóns de habi  
tes, polo menos en 2014.  
En Madrid houbo de repente un terremoto e nós ca  
mos como se fixeramos un "pleno" e a Gabi, Area,  
tía, Celia e mais a min absorbeunos a terra e non  
tiñamos moita respiración. Cando notaron que faltaba  
rescatáronnos pero iso non é todo.

Claudio, Xermán e Iván montaron na montaña rusa.  
Iván tomara un canciño quente, e o peor é que a  
montaña rusa daba unha volta enteira. AHH  
!!!

O que quedaba bonito era que como era primav  
caían pétalos e sacamos moitas fotos e tamén  
selfies.

Pero iso non foi o máis importante; cando nos absorbe  
a terra, a memoria fóise nos.

Entramos á tonda dunha señora bastante sabia e  
dixonos que había que atopar uns ingredientes para un  
pócima que serviría para axudarnos.

Lista de cousas:

Pétalo de rosa do río máis sucio de Madrid.  
Pelo dun con abandonado.  
Pluma de paxaro encantado.

\* Todo isto antes do amencer.

Como imos atopar estas cousas antes do amencer?! -d  
Antía -  
Encontrándoas - dixen eu rindo -  
Xa - contestou Area -

Pasamos por unha lagoa-río e collemos o pétalo. Vimos  
can abandonado e quitámoslle un pelo. E por último  
pluma do paxaro encantado. Ao chegar a Monforte vol  
mos á normalidade e fomos ás nosas casitas.

Fino

ALUMNOS DE 4º A

## XUNTOS

Elena escoita abraida unha historia fantástica que inventou a súa amiga Yessenia. Anny, Jenny e Madalina lembran costumes dos seus países de orixe, adicándolles suspiros de morriña...

Os deportistas, David e Rubén López, sen perder o tempo, elaboran as estratexias do próximo torneo de fútbol, contando con Hugo, Gonzalo e Brais como xogadores imprescindibles. As nosas ximnatas e atletas, Denise, Sara e Rubén Mahamadou falan de próxima competición de xinmasia rítmica con moita ilusión. E falando de ilusión, Brais e Madalina déronlle a benvida ao mundo aos seus irmáns cativos, converténdose nos seus orgullosos irmáns maiores.

Que hai que facer pancartas, murais ou carteis...? Non vos preocupedes, porque Laura, Melissa, Rubén Mahamadou e Sara fan todo nun “pis pas”. Utilizan ceras, témperas e son axudados polas novas tecnoloxías. E falando de tecnoloxías, o noso entusiasta asesor Saúl soluciona os imprevistos e supervisa e resolve con gran amabilidade os problemas informáticos.

Tanto desgaste intelectual e físico esixe reponer forzas, menos mal que elaboramos xuntos coas nosas familias unhas tartas que nos saben a gloria antes do recreo. Iste ano foi a de “kit kat tarta de Aarón” ...mmm que rica!



Descubrimos con Carmen, a nosa experta en xardinería, que hai moitas plantas no cole con poderes curativos, de uso alimentario ou ornamentais. Gústanos moitos aprender fóra das aulas.

Iste ano, a adolescencia chamou ás nosas portas e roubounos un pouco de concentración, pero en intelixencia emocional e compañerismo sacamos Matricula de Honra.

Partimos cara os Institutos. A esencia de grupo acompañanos sempre.






ALUMNOS DE 4 ANOS



## MURALS DE EDUCACIÓN INFANTIL





**BIOGRAFÍA**

Eva Rajo Iglesias naceu en Monforte o día 8 de novembro de 1972. É filla de Carmen Iglesias Castro, mestra xubilada, que traballou durante máis dunha década no CEP Monforte, e de Emilio Rajo Brotan, xubilado de RENFE.

Estudou no colexio monfortino Divina Pastora, hoxe Torre de Lemos, e no Instituto Río Cabe. Entra na Universidade de Vigo no ano 1990 para estudar Enxeñaría de Telecomunicación e acabaia no ano 1996, obtendo Matrícula de Honor no seu proxecto de fin de carreira.

No ano 1999 marcha a Madrid á Universidade Carlos III como Profesora Ajudante, preparando aquí a súa Tese Doctoral. Presenta no ano 2002 e obtén a máxima calificación: Sobresaliente Cum Laude.

Desde o 2008 é Profesora Titular da Universidade Carlos III de Madrid.

**PUBLICACIONES**

Ten publicados máis de 50 artigos científicos en revistas internacionais.  
 Ten dadas máis de 100 ponencias en congresos internacionais.  
 Dá un 5 horas de docencia a 2 edicións de 3 meses cetero.  
 Trabaja

CONHECENDO MONFORTE

A C H O H B B



# AS XUDEUS

Que preguntas conservamos?

**INFLUENCIA DEL HEBREO EN EL ESPAÑOL**  
 La presencia de las palabras hebraicas del idioma español es en los tiempos de los siglos II y III.  
 A lo largo de la historia el hebreo ha estado en contacto con el español a través de los siglos. En la época actual, debido a la inmigración de los judíos, se ha producido una mayor influencia del hebreo en el español.

**AMEN**  
 Del hebreo אָמֵן (amen) que significa "así sea" o "así sea como es".

**ALLELUYA**  
 Del hebreo הַלְלוּ אֱלֹהִים (halalu elohim) que significa "alabamos a Dios".

**MARAKANSA**  
 Del hebreo מַרְכָּסָא (marakasá) que significa "centro" o "nudo".

**BENJAMIN**  
 Del hebreo בְּנֵימִינ (benjamin) que significa "hijo de la derecha".

**HEBREO**  
 Del hebreo עִבְרִית (ivrit) que significa "lenguaje de los hebreos".

**IBRA**  
 Del hebreo אִבְרָהָם (ivrahám) que significa "padre de los hebreos".

**NOBRES BIBLICOS**  
 Del hebreo שְׁמוֹת (shemot) que significa "nombres".

**SARABO**  
 Del hebreo שָׂרָב (sarab) que significa "agua".

**SEIS**  
 Del hebreo שֵׁשׁ (sheis) que significa "seis".

**SEIS**  
 Del hebreo שֵׁשׁ (sheis) que significa "seis".







SE RUAMOS



COMPADRES

AMPA



## PRIMEIRO PREMIO





COZINANDO





ACONTECEU  
SOMOS  
DE  
1º





ALUMNOS DE 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA



BI LLARDA

ACONTECEU



HOMENAJE



MANUEL MARIA



5º ANOS

4º

DE  
PRIMARIA





AVISIA



BOMBEIROS










ORGANIZADO POR  
ONFORTE  
DÍA  
INTERNACIONAL  
DE  
CONCIENCIACIÓN  
SOBRE  
EL  
AUTISMO





## TABOLEIRO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA



BI LLARDA

ACONTECEU



CONHEÇA  
CONHEÇOS





ALINHADA

PLANO DE FIOR



9 DEU SOZMIA





ACONTECEU



ACONTECEU






PĂRÎROCHELIA






E  
X  
C  
U  
R  
S  
I  
O  
N

L  
U  
G  
O  
6°



# AGASALLOS PARA O DIA DA FAMILIA



# AGASALLOS PARA O DIA DA FAMILIA






ALUMNOS DE INFANTIL





ESTUDANDO OS PAISES

2º ED SONMULA



**A SÙA VIDA**

**CASTELAO**

**A SÙA VIDA E OBRA**

**A SÙA OBRA**

É un polifacético escritor, dable  
 xente coleccionista, poeta e  
 político.

La súa obra destaca:

- Os mortos* (1912)
- León* (1912)
- Un século de honra por dez anos* (1912)
- Os días de sempre* (1934)
- Sempre en León* (1937)
- Os mortos non deben de esquecerse*
- Un século de pedra en Galicia* (1936)
- Os seus libros, sempre ilustrados*
- Un tractor anacoar a Galicia rural*
- o xacupirriño, os pobres, os*
- desempregados, a sanha, os*
- vellos, os humildes...*
- Aquí temos algúns dos seus*
- debuxos.*

A O U Z A D U C H S E

C A S T E L A O

1. Un século de honra por dez anos (1912)

2. Os mortos non deben de esquecerse

3. Un século de pedra en Galicia (1936)

4. Os seus libros, sempre ilustrados

5. Un tractor anacoar a Galicia rural

6. o xacupirriño, os pobres, os desempregados, a sanha, os vellos, os humildes...

7. Aquí temos algúns dos seus debuxos.

8. Un século de honra por dez anos (1912)

9. Os mortos non deben de esquecerse

10. Un século de pedra en Galicia (1936)

11. Os seus libros, sempre ilustrados

12. Un tractor anacoar a Galicia rural

13. o xacupirriño, os pobres, os desempregados, a sanha, os vellos, os humildes...

14. Aquí temos algúns dos seus debuxos.

ALUMNOS DE 2º B



## LOLA DE PENELAS

Este ano adicouselle “ o día da muller traballadora” a Lola de Penelas. Desde o CIM veu Lucía Núñez a falarnos da súa vida. Foi moi interesante xa que aprendemos moitas cousas das mulleres desa época e dos traballos e sufrimentos que tiñan que pasar.

A protagonista do terceiro certame de investigación histórica “ Mulleres de Lemos” , a oleira Dolores López Lola de Penelas, é coñecida dende hai tempo como un exemplo representativo da tradición artesanal da parroquia soberína de Gundivós.

Foi unha gran muller, aprendeu do seu pai a facer cacharros de barro, que servían para gardar viño, auga, aceite...Ela vendía os cacharros na praza, era moi forte porque os levaba na cabeza.

Era de orixe humilde, a súa vivenda era vella, abaixo estaba a cociña e o establo. Para axudar na casa facía arreglos de cachorros aos vecinos,

as veces pagábanlle con cartos e outras veces con comida; naquela época era duro vivir. Tamén vendía nas feiras e sempre levaba con ela aos seus fillos. Lola de Penela faleceu no 1969, aos 83 anos. Foi recoñecida cunha figura que a empresa Sargadelos lle adicou no 2002.




E como podemos ler na Voz de Galicia de data 9 de marzo non se sabe con precisión como era Lola de Penelas.

“ A primeira publicación dun retrato de Lola de Penelas aparece no letreiro anunciado do mencionado certame, convocado polo colectivo Lemos Le. Foi proporcionado por unha neta da atesá localizada por esta entidade. O feito de que os retratos que se conservan de Lola de Penelas teñan tan pouca difusión débese a que todos os seus parentes vivos residen lonxe de Galicia dende hai moitos anos.

Porén ata agora era imposible encontrar un retrato auténtico da oleira, xa que endexamais se publicara una foto súa”





ALUNOS DE 4º



OS DELFÍNS

De entre 2 e 9 metros de lonxitude, o seu corpo é fusiforme, coa cabeza grande, cun fociño alongado, e só posúen un espiráculo.

Están entre as especies máis intelixentes que habitan o planeta. Como outros cetáceos, os golfinos utilizan os sons, a danza e o salto para comunicárense entre eles, para orientárense e para conseguiren as súas presas.


Son carnívoros estritos, e cada día consumen unha cantidade de alimento equivalente a un terzo do seu peso. Aliméntanse basicamente de peixes e luras e outros cefalópodos, que atrapan cos seus dentes cónicos. Tamén comen crustáceos como camaróns, gambas e cangrexos.

Moitas especies vistan as costas e frecuentemente interactúan cos seres humanos. Hoxe en día as principais ameazas ás que están expostos son de natureza atrópica.

EXPOSICIÓN  
SOBRE  
PEIXES  
SOZMUTA

Recomendacións paRa o veRán...pensando nos nenos e nenas.

Xa sexa na praia ou no campo, na casa ou coñecendo outros lugares non debemos esquecer nas nosas bolsas varias cousas:

 Hai que protexer a pel, e evitar as horas chamadas críticas para a exposición ao sol.


Hai que hidratarse, tomar froita e alternar actividade física con períodos de descanso. O noso corpo necesita recuperarse e iso faino cando durmimos.



O verán é un tempo axeitado para ler. Adicar un tempo a esta actividade, pero tamén podemos ler namentres nos divertimos "facendo": lendo as regras dun novo xogo, axudando a facer un postre...




Para os máis pequenos é moi importante traballar sogando aspectos motores: correr, saltar, trepar, arrastrar pesos... aspectos de coordinación mán-ollo: puzles, encaixables...aspectos léxicos: onomatopeas, xogos de palabras, trabalinguas ou simplemente falar...

 Repasar un anaco todos os días, recordando o aprendido no curso que rematou é unha maneira de non esquecer o aprendido.

Para os máis maiores, é o tempo de ler aquel libro que vos gustaría, ou algún outro que descubrades. Non debedes esquecer que en setembro regresades á vida académica, desengancha si, pero debedes consensuar



cos adultos un tempo todos os días para traballar aqueles aspectos que dominades menos.

 É un tempo aberto á aprendizaxe e posta en práctica de moitos saberes, os campamentos de verán urbanos ou ao aire libre brindan aos nenos a oportunidade de relacionarse con outros nenos, facer novas amizades, talleres onde aprender a “facer” cousas diversas empregando distintos recursos, a acercarse a deportes; en definitiva a seguir aprendendo dunha maneira lúdica.

Como país tende presente o decálogo de prevención de accidentes:



## Decálogo da prevención de accidentes

1. Os accidentes son unha das causas máis frecuentes de morte en nenos. Están entre as tres primeiras causas en menores de 14 anos. A maioría de accidentes son evitables. Poderíase facer algo para que non acontecesen. En caso de emerxencia chama o 112.
2. En cada idade a forma de previlos é diferentes. Nos nenos pequenos a casa ha de ser un espazo seguro e vixiado polos adultos. Non deixes nunca só na casa a un neno pequeno. Aos nenos maiores hai que ensinalos a protexerse.
3. Na casa: protexe as ventás con reixas ou peches de seguridade e non poñas cadeiras nin mobles baixos diante. Pon varandas nas escaleiras. Protexe os enchufes, estufas e braseiros. Usa os lunes de detrás da cociña. Non cociñes co neno nos brazos. Ten coidado coa temperatura da auga do baño e non deixes sós os nenos pequenos na bañera. Protexe as esquinas das mesas e mobles. Ponlles topes as portas.

4. Cos obxectos que os rodean tamén se accidentan. Poden: caer do cambiador, a trona ou a cadeira de paseo. Atragoarse con partes pequenas de xoguetes ou cun globo. Tragar un botón. Revisa os xoguetes, envoltorios e outros obxectos cos que xogan os nenos. Consulta a Guía de seguridade de produtos infantís: produtos potencialmente perigosos.  
[www.mssi.gob.es/va//profesionales/saludPublica/prevPomocion/Lesiones/jGuiaSegProductosPeligros.htm](http://www.mssi.gob.es/va//profesionales/saludPublica/prevPomocion/Lesiones/jGuiaSegProductosPeligros.htm)
5. Os medicamentos son tóxicos: non os deixes onde un neno poida alcanzalos. Non lle digas que os medicamentos son caramelos. Usa sempre o medidor do xarope en vez de culleres de xogo de cubertos. Nunca gardes produtos de limpeza ou tóxicos en envases de auga ou refresco, os nenos poden bébelo! No dubides en chamar ao teléfono de información toxicolóxica: 915 620 420 se o neno tomou algo.
6. Noutras casas e lugares onde o neno acude con frecuencia: na casa dos avós , doutros familiares, na gardería, na escola. Asegúrate de que en todas elas o contorno é seguro.
7. No coche: utiliza sempre e correctamente unha cadeira ou sistema de retención homologado e axeitado ao seu peso e estatura. Ha de estar ben instalada. Non debe haber folguras entre o cinto e o corpo do neno, por iso é mellor que non leva postas pezas de roupa grosas. Se van en transporte escolar, deberían levar sistemas de retención. Dálle bo exemplo poñendo o cinto sempre.
8. Nos espazos de ocio: o parque , polideportivo, prazas, os bambáns, xogos, portarías deben estar ben ancoradas e cumprir coas normas de seguridade. O chan nos espazos para nenos pequenos debe ser de materiais brandos.
9. En bicicleta ou andando: ponlle o casco para montar en bici, e dálle bo exemplo poñéndoo ti tamén. Se prudente e paciente e ensínalle a cruzar a rúa correctamente tanto en bici como andando.
10. En piscinas , praias e outras zonas de baño: non perdas a vista os nenos pequenos. As piscinas privadas deben ter valos por todos os lados e manter a súa porta pechada cando non estea un adulto vixiando.



# DECÁLOGO DO BO ESTUDANTE

## ONDE ESTUDAR?

1. Nun lugar fixo, con todo o material necesario: dicionario, folio, libros,...
2. Con iluminación suficiente
3. Onde non me distraia a TV, nin o ordenador, etc.

## CANDO ESTUDAR?

4. Todos os días un pouco
5. Realizar un plan de traballo semanal indicando o horario de estudo  
Planificar cada día o tempo segundo o horario escolar

## COMO ESTUDAR?

6. Fago primeiro unha lectura rápida de todo o tema, para ter unha idea do que trata.
7. Leo despois atentamente a primeira pregunta ou o apartado do tema.
8. Subliño aquelas palabras que fagan referencia ao fundamental. Non me esquezo de consultar o dicionario cando non recoñezo unha palabra.
9. Elaboro un esquema con guión a partir do subliñado
10. Leo unha e outra vez o esquema ata aprendelo de memoria. Fago preguntas coma se fose o profe.

## RESUMO

Consiste en expresar de forma breve e o máis preciso posible as ideas principais do texto.

### Vantaxes:

- Motiva o proceso lector
- Axuda a estruturar as ideas
- Favorece o proceso de síntese
- Facilita o repaso, economiza o tempo
- Obriga a facer un esforzo de elaboración persoal
- Obriga a mellorar a comprensión e expresión
- Obriga a distinguir o fundamental do accesorio

### Ideas para a aplicación:

- Debe ser persoal
- Realízao en material que facilite o seu arquivo
- Debe ser breve
- Debe ter unidade e sentido pleno. Non pode ser unha simple enumeración de ideas
- Fai unha comprobación final, para verificar que contén todas as ideas importantes.

### Aplicación da técnica:

Baseándote no subliñado, tes que expresar as ideas importantes do texto coas túas palabras, posteriormente elixir o mellor orden para a exposición das ideas.

## ESQUEMA

### Facer esquemas é importante porque...

- Recolle todas as ideas principais, secundarias e os datos que foron subliñados.
- Preséntase de forma estruturada e lóxica que facilita a comprensión e a memorización
- Utilízalas túas palabras e con toda a brevidade posible, escribindo frases curtas que recollan con precisión e claridade as ideas do tema.

### Vantaxes :

- Aumenta o interese e a concentración sobre o tema, mellorando a memorización
- Facilita a comprensión, ao ter que estruturar as ideas
- Favorece a memorización
- Aforra tempo á hora de memorizar o esquema e de facer posteriores repasos, xa que vaise directamente ao importante e non hai que ler todo o tema.

### Pasos para facer un bo esquema:

- Ler o tema enteiro e subliñar, seguindo primeiro os pasos do subliñado
- Buscar un título que sexa unha síntese do contido do tema
- Dividir o tema en varios apartados xerais que recollan as ideas principais, as secundarias e datos significativos
- Poñer cada idea nun apartado distinto e formulala con brevidade e decisión
- Deixar marxes á esquerda e á dereita para posibles anotacións ou aclaracións posteriores



SOGOX

POPULARES



LINEANHIL

Razoamento.

¿Qué valor ten cada figura?

				= 20
				= 19
				= 14
				= 16
18	16	19	16	

	=
	=
	=



				= 10
				= 8
				= 15
				= 16
14	13	9	13	

	=
	=
	=

AS PIRÁMIDES SECRETAS

AS PIRÁMIDES SECRETAS

O número en cada círculo é a multiplicación dos dous números de abaixo. ¿Podes resolver o segredo?



	4		6	7		2	
8							9
		2	5	4	1		
	7		8	3	5		6
	5						8
	9		7	4	6		5
		4	3		9	7	
7							5
	8		4		1		3



**CEIP MONFORTE**  
**COLEXIO NOVO**



CEIP MONFORTE  
 EMILIA CASA BAAMONDE S/N  
 MONFORTE DE LEMOS 27400 LUGO  
 E-MAIL: [ceip.monforte@edu.xunta.es](mailto:ceip.monforte@edu.xunta.es)  
 WEB: <http://centros.edu.xunta.es/ceipdemonforte>




Servizos complementarios:



Transporte escolar

RUTAS	PARADAS
<b>Municipal:</b> <b>Emp. Sánchez</b> <b>Liña Urbana</b>	CHAOS, FBI, CELSO E. FERREIRO, POLICÍA, RÚA OURENSE-CHINOS, VEIGUIÑA, RÚA OURENSE 219, HÓRREO, MERCADONA
<b>Consellería:</b> <b>Autocares Castro</b> <b>Caldelas, S.L</b> <b>Liña: Cuatro</b> <b>Vientos - Marcelle</b>	CUATRO VIENTOS, GULLADE, MARCELLE, CAMPELO, PORTELO, AXENXOS, ESFARRAPA, MEDA, VAL DE BOLO-MARCELLE, CANEDA
<b>Empresa Monforte (Monbus)</b> <b>Liña: Morín - Ribasaltas</b>	RENAULT, MORÍN, ITV, RIBASALTAS 1, RIBASALTAS 2, PROVEIROS, REIGADA, TENDA GIRONDO
<b>Palacio Bus, S.L</b> <b>Liña: Rozabales</b>	CALVO SOTELO 38, BENITO VICETTO, ROZABALES-INFESTA, ROZABALES-SALGUEIROS, MESÓN DO ANTERO, CASAS BARATAS, SANTA MARINA-MATO, SANTA MARINA-BARREIRO, SANTA MARINA-CALVO, CANEDA, FONTE, PICIÑA

INSTALACIÓNS E RECURSOS:




- \* INSTALACIÓNS DEPORTIVAS (ximnasio, pavillón, e pistas polideportivas...)
- \* ZONAS DE XOGO INDEPENDENTES
- \* MEDIATECA (servizo de lectura e préstamo)

- \* AULA DE IDIOMAS
- \* AULA DE INFORMÁTICA (con pizarra interactiva e 25 ordenadores)
- \* AULA DE MÚSICA
- \* SALÓN DE USOS MÚLTIPLES (dotado de pantalla xigante e "cañón")
- \* PIZARRAS DIXITAIS INTERACTIVAS EN TODAS AS AULAS DE PRIMARIA



ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES



**CEIP MONFORTE**  
 Tl. e Fax:  
 982 400 442  
 609 906 524



# ADEUS!



# Non nos esquezades!

# BENVIDOS!

